

## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

**Ramón Vázquez Díaz, Xabier Ron Fernández e Yolanda Díaz Pérez**, membros do **grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na comisión**, relativa á necesidade de establecer un Centro de Continuidade vinculado ó CEE Infanta Elena de Monforte.

O Centro de Educación Especial Infanta Elena de Monforte é un dos dous únicos centros específicos para atender alumnado con diversidade funcional existentes na Provincia de Lugo. Trátase polo tanto dun centro que da resposta ás necesidades educativas dos rapaces e rapazas de Monforte, mais tamén de toda a contorna do sur de Lugo e dos concellos limítrofes da provincia de Ourense.

Estamos pois diante dunhas instalacións de referencia para moitas familias con fillos e fillas que atopan neste centro, resposta, atención e asesoramento por parte de profesorado especializado durante toda a etapa escolar e ata os 21 anos, de acordo co marco legal vixente en Galicia.

Sendo esta intervención educativa fundamental para o alumnado con Necesidades Educativas Especiais, resulta absolutamente insuficiente para aqueles rapaces e rapazas que cando rematan o seu período de escolarización ven interrompido o seu período formativo quedando sen alternativas socioeducativas nin ocupacionais.

Son moitas as familias que se atopan nesta situación límite, moitas delas procedentes do medio rural da contorna, sen opcións de futuro para o seus fillos e fillas e polo tanto necesitados dunha vía formativa e ocupacional que posibilite un desenvolvemento normalizado na idade adulta nun marco inclusivo e adaptativo.

Os rapaces e rapazas con Necesidades Educativas Especiais escolarizados en centros específicos, teñen dereito a ter un proxecto de vida realizable que dependendo das circunstancias persoais de cada caso, debera concretarse nunha saída orientada cara un centro ocupacional, un centro especial de emprego, unha empresa ordinaria con apoio, un centro de día, etcétera.

Mais a realidade na que viven os rapaces e rapazas con Necesidades Educativas Especiais das Terras de Lemos, está lonxe de ofrecer espazos formativos e ocupacionais que favorezan a súa autonomía persoal e a súa integración social unha vez rematado o período de escolarización limitado ata ós 21 anos, polo que o acceso a vida adulta é vivida con fonda angustia e preocupación para ás súas familias.

As nais e pais do CEE Infanta Elena levan anos loitando por conseguir un Centro de Continuidade no que os seus fillos podan permanecer unha vez rematada a súa escolarización. De feito as responsables da ANPA mantiveron xuntanzas con responsables das administración local e autonómica en busca dunha saída a un problema que leva anos afectándolles de xeito grave. Pasado o tempo e despois de ter chamado a todas as portas agardan por unha solución que non é outra que dar resposta aos dereitos dos seus fillos e fillas como cidadáns de pleno dereito.

Os alcaldes de Monforte, Chantada, A Pobra de Brollón, O Incio, Vilamartín e O Barco, teñen alcanzado un acordo para demandar da Xunta a construción dun centro de continuidade vinculado ao CEE Infanta Elena de Monforte para dar respostas ás necesidades educativas, formativas e ocupacionais da comarca.

O CEE Infanta Elena conta con espazos e terreos para poder contar cun Centro de Continuidade nas súas inmediacións. O Concello de Monforte ten posto a disposición do Goberno Galego terreos para poder realizar as ampliacións que fosen necesarias. So falla a disposición e vontade do Goberno Galego e da colaboración das distintas administracións e departamentos da Xunta de Galicia para acadar unha saída de futuro para os rapaces e rapazas con necesidades educativas especiais das Terras de Lemos e de toda a zona sur de Lugo e concellos limítrofes da provincia de Ourense.

Por estes motivos o Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda, presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Que medidas ten pensado tomar o Goberno Galego para permitir a continuade da formación socieducativa e ocupacional do alumnado escolarizado no CEE Infanta Elena, unha vez superados os 21 anos de idade cos que remata o seu período de escolarización?

En Compostela, a 5 de febreiro do 2015.

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Vázquez Díaz na data 05/02/2015 11:25:20**

**Jose Javier Ron Fernandez na data 05/02/2015 11:25:30**

**Yolanda Díaz Pérez na data 05/02/2015 11:25:34**